

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO NO SERVIZO
UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS USC – 2021/2022**

A Universidade de Santiago de Compostela abre a convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2021-2022, un total de 1.061 prazas repartidas por sectores e grupos.

Sectores	Total Prazas (grupos I e II)
Estudantes de Grao	920
Estudantes de Máster Universitario Oficial	48
Estudantes de Programas de Doutoramento e Investigadores en Formación	41
Estudantes de cursos de Posgrao Propio	5
Estudantes federados en deportes dunha modalidade de interese para a USC	10
Membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade	32
Persoal docente e investigador e Persoal de administración e servizos	5

**No caso de que durante o proceso de asignación de prazas debido á situación sanitaria sexa necesario reducir o número de prazas, isto farase respectando a proporción de sectores e grupos.*

DOTACIÓN:

- Cotas e prezos: para o baremo aplicaranse os criterios económicos (niveis de renda familiar) e académicos establecidos nas bases da convocatoria.
- Estas axudas son incompatibles coa dotación para residencia da convocatoria xeral de bolsas do Mº de Educación e Formación Profesional, o alumno terá que escoller entre as dúas

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: a través do **formulario web** <https://www.usc.gal/gl/servizos/sur/convocatorias.html> **do 19 de maio ao 28 de xuño de 2021 ata as 14.00 h**

Unha vez cumprimentado o formulario, o/a solicitante (agás as persoas de readmisión sen cambios nos membros da unidade familiar) deberá presentar a solicitude no Rexistro Electrónico da USC, noutros rexistros electrónicos do sector público, ou por calquera dos outros medios recoñecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

- Presentarase unha única solicitude por persoa e campus.
- O estudantado de nova admisión poderán solicitar a praza para o grupo I e o grupo II marcando as 2 opcións no mesmo impreso.

CALENDARIO:

- Publicación da **lista provisoria: 27 xullo**
- Prazo de reclamación ou entrega de documentación pendente: ata o 9 de agosto
- Publicación da **lista definitiva: 11 de agosto**
- Confirmación da lista de agarda: ata o 17 de agosto
- **Reserva de praza adxudicada: do 11 ao 17 de agosto**
- 1º movemento da lista de agarda: 19 de agosto
- 2º movemento da lista de agarda: 25 de agosto

MÁIS INFORMACIÓN

Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua da USC.

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

Pavillón estudantil, 1º andar - Campus Vida (15782 Santiago de Compostela)

Tlf.: 881 814 574 / 881 814 526 / 881 814 525

Correo-e: sur@usc.es – bolsas@usc.es

www.usc.gal/sur